

OS PEQUENOS XORNALISTAS DE 6º DE PRIMARIA ENTREVISTAN A ALCALDESA DE VIMIANZO NO 8M



Mónica Rodríguez Ordóñez, antiga alumna do CEIP Plurilingüe San Vicenzo de Vimianzo, é a alcaldesa do noso concello e acompáñanos hoxe con motivo do día da muller. Deseguido imos entrevistala.

1. Como lle xurdiu a idea de adicarse á política?

Pois aínda que non o tiña planificado, foron dous os motivos que si me levaron a embarcarme neste proxecto. A política é algo que me vén de familia. Meu tío Alejandro foi alcalde de Vimianzo durante varios mandatos, e foi ademais un piar importantísimo na miña vida, o meu “pai” politicamente falando. Polo que a miña infancia e a miña mocidade estiveron moi preto da política municipal. O outro motivo foi o meu sentir por Vimianzo, síntome moi vimiancesa e sempre quero o mellor para o meu pobo, polo que me gustaría poder desenvolver un gran proxecto para un Vimianzo mellor.

2. Cre vostede que é máis difícil gañar unas eleccións sendo muller?

Non creo que exista maior ou menor dificultade á hora de presentarse polo feito de ser home ou muller. O que si que é certo, penso, e que a sociedade non está acostumada a ver unha muller á fronte dunha candidatura. Por sorte temos evolucionado moito neste sentido, pero aínda nos queda moito por percorrer. A todas e a todos.

O que sí, gañar unhas eleccións é moi complicado xa de por si, depende de moitos factores. Pero sempre que teñades unha meta na vosa vida, non dubidedes en poñer todo o esforzo para conseguilo e nunca o deixedes de facelo por ser home ou muller.

3. Por que se presentou ás eleccións a alcaldesa?

Pois como dixen antes, quero moito a Vimianzo, e creo que xunto a un equipo humano, poderíamos facer realidade o noso proxecto: un Vimianzo mellor. Un Vimianzo colaborativo, no que a veciñanza sexa a verdadeira responsable do que pasa a nivel Concello e a que nos axuda, de verdade, e facer un pobo mellor. Tanto o meu equipo como eu mesma, cremos neste modelo de xestión. Aquí non estamos para mandar, si acaso estamos para escoitar e ter MOI EN CONTA as demandas de quen vive e sinte Vimianzo a diario. Nós tan sósomos o

brazo executor, quen apreta o botón, como quen di. Pero detrás hai moito diálogo, e sobre todo moitas horas de escoitar e escoitar a quen de verdade temos que escoitar.

4. Como se sentiu vostede cando gañou as eleccións?

Pois con dúas sensacións, por unha parte foi un verdadeiro orgullo, e por outro pois tocaba asumir a responsabilidade que isto supón. Loxicamente xestionar un Concello é un cargo de moita responsabilidade. Eso sí, sentínome moi agradecida pola confianza que depositaron en min e no meu equipo, cada día o sinto así. Sei do apoio do meu pobo. Ese é o principal motor que me fai traballar día a día, e sin dúbida a maior satisfacción ó rematar o día é o poder axudar e resolver os problemas as miñas veciñas e veciños.

5. Que sentiu ao ser a primeira alcaldesa de Vimianzo?

Si queredes que vos diga a verdade, non é algo no que pensei nin penso. Non me considero primeira de nada. É un feito, unha realidade, que son a primeira alcaldesa do noso pobo, pero prefiro que se me recorde como unha persoa que traballou incansablemente por mellorar Vimianzo e non “a primeira” de algo. Non creo nas estatísticas nin nas efemérides, creo no traballo, no esforzo e facer todo o mellor posible para o benestar dos meus veciños.

6. Que é o que máis lle gusta de ser alcaldesa?

Unha das cousas que máis me gustan de ser alcaldesa é ver que as cousas saen, que as adversidades se poden superar si estamos xuntas e xuntos. O poder que temos como sociedade é inmenso. Para nós é algo tremendamente satisfactorio mellorar e incrementar os servizos da veciñanza e ver que o Vimianzo de marzo de 2022 é mellor que o de maio de 2019.

7. De pequena, pensaba que ía ser unha muller tan importante na política?

Volvo ao mesmo que vos dixen antes. Non me gusta considerarme IMPORTANTE nin a primeira, nin nada. Son unha veciña máis, e intento poñerme sempre no lugar do veciño ou veciña que me visita, para poder comprendelo e axudalo. Son unha persoa que dedica todas as horas posibles do día a traballar polo seu fogar, polo Vimianzo que me gustaría deixar o día de mañá, cando ocupe outra persoa o meu posto. Iso é no que penso de luns a domingo.

8. Quen é para vostede un referente como muller na Costa da Morte?

Afortunadamente temos moitísimos referentes femininos na Costa da Morte. Podería darvos moitísimos nomes e non acabaríamos máis. Persoas anónimas e non tanto. Pero si me teño que quedar con alguén, dígovos que miña nai.

9. No desempeño das súas funcións, do día a día, séntese vostede igual de valorada ca un home?

Depende do que entendades como sentirse igual. Isto depende de moitos factores. Si ben é certo que aínda nos queda moito para acadar a igualdade, ben sexa na política municipal ou nacional, creo que imos polo bo camiño. A min, particularmente, ninguén me fixo de menos por ser muller. Ou non teño esa sensación. Pode que en algunha ocasión teñas que esforzarte

un pouco máis, pero nunca me sentín despreciada. Non penso ceder nin un ápice á miña condición como muller, como nai, como filla e como compañeira. Xamais.

10. Que características debe ter unha muller de hoxe para adicarse á política?

Unha característica fundamental é crer nas persoas. Véxoo fundamental. Nada podería entenderse na política sen as persoas. Sen a nosa xente. Como calquera obxectivo ou meta na vosa vida, é sempre poñendo todo o esforzo para conseguilo, e poder ser feliz facendo cada día o que nos gusta.

11. Recibiu algunha crítica por ser muller na realización das súas tarefas?

Que eu saiba, non. E dende logo non sería xusto. E entre todos temos que loitar para que iso non ocorra. Somos todo o mellor que podemos, e facemos todo o posible por mellorarnos pero sen que teña que ver que sexamos mulleres ou homes.

12. Coñece outras mulleres alcaldesas na Costa da Morte?

Si, por suposto, varias. As máis próximas, as miñas compañeiras Sandra e Margot, alcaldesas de Camariñas e Cee, persoas valiosísimas na política e ás que teño a oportunidade de admirar tamén no persoal. Con elas reúnome días como hoxe 8M e moitos outros días do ano para compartir, consultar, comentar as diversas experiencias que vivimos cada unha de nós e xuntas poder facelo mellor.

13. Resúltalle difícil conciliar a vida familiar e laboral?

Moito, moito máis do que agardaba. A política é un ámbito que te require moito tempo, no que tes que dar a talla a todas horas. E iso fai que non estea coa miña filla, meu home e demais familia tanto como se merecen e me gustaría. Pero facemos o que podemos (risas), e intentamos poder vernos e desfrutar xuntos todo o posible e incluso compatibilizar compartindo moitos momentos que así o permita a situación. Pero aínda así preciso moito da miña familia para conciliar. Unha vez máis, entre todas e todos faremos que cada día sea máis real a conciliación.

14. Hai algún proxecto no Concello para axudar ás mulleres que sofren violencia de xénero?

Temos un equipo de Servizos Sociais marabilloso. Moitísimas persoas que arriman o hombro para loitar contra esta lacra. Nós impulsamos políticas públicas para erradicar a violencia machista. Temos en marcha a creación dun CIM aquí en Vimianzo, que penso que será un paso fundamental á hora de poder axudar a estas mulleres. Desde logo que contan e contarán sempre con nós.

15. Existe algunha asociación ou organización na bisbarra que loite pola igualdade da muller?

En Vimianzo, contamos cun sector asociativo moi bo e forte, e sen dúbida con moita participación feminina. En moitas delas cun numero moi representativo de mulleres e con moita actividade e moitas accións a favor e na defensa da muller: As Curandeiras, Cruz Vermella, Cáritas, Neira Marcos, Asociación Parroquial de Berdoias, e moitas outras.

16. Cre que falta moito na Costa da Morte para acadar a tan desexada igualdade?

Pois todo dependerá do noso esforzo, do noso traballo de equipo unindo as forzas na desexada igualdade.

17. A que outra actividade lle gustaría adicarse se non fose alcaldesa?

Pois sin dúbida, a miña profesión laboral (administrativa) onde algún día me encantaría volver porque é parte da miña vida. Actividades ás que me gustaría dedicarme con máis tempo, moitas. Pero unha das máis importantes é viaxar. Descubrir sitios novos que te enchan a alma de experiencias é algo que non cambio por nada.

18. Ten pensado presentarse ás próximas eleccións?

Pois, aínda non está decidido, e depende de diversos factores, un dos cales pasa por consensualo co equipo humano que conformamos, pero considero que non está rematado o noso proxecto, aínda quedan catorce meses para iso e moito traballo que facer. Desde logo, cando chegue o momento, sentarémonos e decidiremos o que será mellor, non para nós. O que será mellor para Vimianzo.

19. Ten aspiración de ascenso en algún cargo superior na política?

Pois a miña meta está na política municipal, non teño ningunha ambición maior na política. Son moi feliz de poder ter a posibilidade de escoitar e axudar a veciñanza. A política municipal dame día tras día unha opción excepcional con unha oportunidade única, o de estar cerca dos meus veciños, nos que paso momentos de moita emoción e moito sentimento e a vez poder xestionar da mellor maneira o meu pobo, e así presumir do noso Vimianzo.

Aquí rematamos a nosa entrevista como participantes no proxecto de Prensa-Escuela de La Voz e aprendices de xornalistas. Dámosllelas grazas por concedernos este tempo tan valioso para vostede e desexámoslle moita sorte na súa labor como alcaldesa e tamén na súa vida.

*Alumnado 6º de Primaria
CEIP Plurilingüe San Vincenzo
Vimianzo, 2022*

